

*Plan de fomento
das
Tecnoloxías da Información e a Comunicación*

IES San Rosendo

2008

Índice

1	Que podemos facer coas TIC	5
2	A normalidade como obxectivo	7
3	Os autores deste Plan	9
4	Que precisamos	11
5	Requerimentos materiais	13
6	Formación do Alumnado	15
7	Formación do Profesorado	17
8	Posta en marcha do Plan	19
9	Temporalización	21
10	Instrumentos de avaliación	23
11	Decisións dos Departamentos	25
12	Documento de avaliación	29
13	Suxestións de actividades	31

1 Que podemos facer coas TIC

Usamos o acrónimo TIC para referirnos ás novas **Tecnoloxías da Información e a Comunicación**, é dicir, a internet, os ordenadores, e todos os elementos electrónicos que existen ou poidan aparecer e que teñan aplicación para o noso traballo.

Estas ferramentas son un excelente medio de...

- **información,**
- **comunicación e**
- **presentación,**

e teñen unha obvia aplicabilidade ao ensino. A súa presenza na sociedade aconsella a incorporación á nosa labor.

A experiencia **coas TIC** demostra a súa **versatilidade e validez de uso en todos os enfoques metodolóxicos**, tradicional, conductista, cognitivista, constructivista, etc.

2 A normalidade como obxectivo

A normalidade tecnolóxica supón...

- **ter conexión á internet e ordenadores no Centro**, suficientes para usalos comodamente.
- **coñecer o que é posible facer** con estas ferramentas, e
- **saber utilizalas**.

Normalidade sería a situación na que **o uso das TIC só obedecerá ás conveniencias didácticas**, sen resultar afectado por ningunha circunstancia allea.

3 Os autores deste Plan

O presente Plan é...

- **un requerimento legal**
- **redixido por un grupo de profesores voluntarios** co apoio da Dirección; agora ben,

O Plan ten que ser decidido polo profesorado, tanto no seu contido, como nos seus prazos de execución.

Se non é así, o Plan acabará sendo *papel mollado*, simple burocracia inútil.

4 Que precisamos

Para acadar a normalidade temos que subsanar...

- **carencias materiais** e de
- **formación e información**; estas últimas tanto do alumnado como do profesorado.

5 Requerimentos materiais

Estimamos que ata que a conexión á internet e os ordenadores non estean nas aulas ordinarias en número suficiente, o seu uso será excepcional e precario.

En efecto, coa dotación do noso Centro, o uso diario das TIC en todas as asignaturas colapsaría a actual *aula de informática*. Polo tanto...

o principal obxectivo material do noso plan debe ser o **cableado das aulas e o aumento dos ordenadores e outros aparellos electrónicos (proxectores, pizarras, ratos inalámbricos, etc)**, maila súa instalación progresiva nelas.

É paradóxico que o elemento material do Plan quede fora da capacidade de decisión da Comunidade Educativa que compón este Centro. **Sen a necesaria financiación por parte da Administración, os esforzos de formación e de traballo do Profesorado e o Alumnado só poden ser chamaradas de boa vontade.**

6 Información e formación para o alumnado

Polo que toca a información, **ao matricularse no Centro, o alumnado debería recibir unha documentación que lle permitira acceder a todas as ferramentas web do Instituto**, de forma que os profesores interesados en traballar cos foros, as galerías de imaxes, os blogs, a wiki ou o mesmo portal, puideran traballar directamente, sen ter que molestarse no proceso de rexistro, etc.

Os coñecementos necesarios para utilizar as TIC nin poden nin deben separarse dos outros contidos didácticos, porque forman parte do proceso de aprendizaxe coma o resto das aprendizaxes instrumentais.

É por tanto o profesorado ten facer o traballo: capacitarse para impartir a formación que os alumnos precisan, tamén neste eido. . .

7 Información e formación para o profesorado

Os coñecementos necesarios para o traballo coas TIC son inseparables do que se fai, é dicir, coas TIC apréndese facendo, polo que **non ten sentido pretender recibir unha formación previa completamente separada da súa utilización posterior.**

A única maneira de aprender é lanzarse a **facer algunha actividade xunto co alumnado**, contando co asesoramento técnico que se precise á medida que o traballo avance.

Tampoco é factible pretender un grao de experiencia nas TIC análogo ao que podemos ter na nosa especialidade académica. Tal cousa sería equivalente a pedir unha dobre titulación, especialidade respectiva/enxeñería informática. O noso horizonte de uso é o *nivel usuario*, e por iso...

non debemos asustarnos de ir aprendendo o manexo das TIC case ao mesmo ritmo que o noso alumnado ou mesmo de amosar dúbidas ou lagoas, posto que **nin somos nin pretendemos ser docentes de TIC.**

8 Posta en marcha do Plan

Con respecto a este Plan, os Departamentos didácticos deberían. . .

- **reflexionar** se consideran que as TIC teñen algo que ofrecer para á súa práctica profesional,
- **decidir as accións** concretas que desexan asumir como un compromiso colectivo dentro do Centro, e
- **levar a cabo** as accións asumidas como parte do Plan, avaliándoas posteriormente.

A formación do profesorado con respecto ás TIC só pode funcionar se é asumida libre e colectivamente polos Departamentos.

9 Temporalización

1. O Equipo de Elaboración do Plan ao considerar rematada a súa redación, entregao á Dirección para á súa **aprobación no Claustro**.
2. Caso de que resulte aprobado o Plan entrará en vigor. **O Equipo de Redación pasa a converterse en Equipo de Seguimento** do Plan TIC.
3. O Equipo de Seguimento, xunto co Departamento de Orientación organiza e executa o **Proceso de Rexistro do Alumnado** no sitio web do Centro.
4. O Equipo de Seguimento repartirá os **guións de toma de Decisións** aos Xefes de Departamento para a súa discusión colectiva.
5. O Equipo de Seguimento recopilará os **compromisos asumidos polos Departamentos** que pasarán a formar parte do Plan.
6. De acordo cos diferentes compromisos asumidos, o Equipo de Seguimento coordinará as **oportunas medidas de información e formación**.
7. Ao final de cada curso o Equipo de Seguimento **avaliará mediante consulta cos Departamentos** o grao de cumprimento dos compromisos asumidos e os seus froitos.
8. O Equipo de Seguimento **recopilará as avaliacións dos Departamentos** e rexistrará os logros obtidos e os elementos mellorables. Esta recopilación será a **base para a elaboración das suxestións de actividades para o curso seguinte**.
9. Ao comezo de cada curso **o proceso repetirásese** desde o punto terceiro.

Estimamos que catro cursos é un período razoable para acadar o noso obxectivo. **Ao final do cuarto ano** o Equipo de Seguimento avaliará a situación do Centro con respecto ás TIC e propondrá á Dirección as medidas que se estimen necesarias.

10 Instrumentos de avaliación

1. **Guión para a toma de Decisións nos Departamentos.**

O produto da recopilación deses guións será incorporado ao Plan TIC do Centro

2. **Enquisa para a avaliación do Traballo Realizado nos Departamentos.**

O produto da recopilación desas enquisas de avaliación será incorporado ao Plan TIC do Centro.

3. **Suxestións de actividades** que poden realizarse durante o curso.

11 Guión para a toma de decisións nos Departamentos

Estimamos que cada Departamento debe responder a estas preguntas:

1. Cremos que as TIC poden ser **beneficiosas para o alumnado**? Por que?

2. Cal é o noso **grao de utilización** das TIC?

3. Cal é o noso **grao de información** sobre o que se pode facer coas TIC?

4. Cal é o noso **grao de instrución formal** sobre as TIC? (cursos realizados, etc.)

5. Cal é o noso **grao de coñecementos** sobre as TIC? (aínda que non o aprendéramos nun curso)

6. Que **necesidades de información** temos?

7. Que **compromisos de formación** podemos asumir?

8. Que compromisos de **traballo co alumnado** podemos asumir?

9. Que dotación material estimamos precisa para o noso traballo coas TICs?

12 Documento de avaliación

1. Que traballos se realizaron durante o curso?
2. Que actividades de formación se fixeron?
3. Que carencias de información seguimos tendo?

4. Que carencias de formación seguimos tendo?

5. Que carencias de material seguimos notando?

6. Cumpríronse todos os compromisos asumidos o curso pasado?

7. De non ser así indicar por que?

13 Suxestións de actividades

Algunhas cousas que poderíamos facer...

1. Recibir información sobre **Drupal** (o sistema base da páxina web do Centro)
2. Recibir información sobre **phpBB**, o sistema de *foros* da nosa web. Útil para discusións virtuais.
3. Recibir información sobre **Coppermine**, a galería de fotos da web. Útil para traballar con grandes cantidades de fotos (excursiones, exposiciónes, series de diapositivas, etc.)
4. Recibir información sobre a aula virtual **Moodle**, instalada na nosa web, e que permite a impartición de cursos virtuais con leccións *online*, notas, exames, etc.
5. Recibir información sobre **lifetype**, o noso sistema de *blogs*, diarios virtuais onde subir información ordenada cronoloxicamente.
6. Recibir información sobre **phpwebquest**, a ferramenta de construción de actividades de descubrimento instalada na nosa páxina.
7. Recibir información sobre **Dokuwiki**, a enciclopedia de escritura colectiva instalada na nosa web.
8. Realizar **algunha activiad cos alumnos** empregando un ou varios dos devanditos recursos.
9. Participar a **Semana do rexistro do Profesorado** de forma que todos as profesoras e profesores do Centro estén este ano rexistrados na páxina do Centro, como primeiro paso para a súa utilización.
10. Participación nun **Curso de iniciación á informática I** destinado aos profesores que non coñezan as TIC. Este curso iría destinado á familiarización coas ferramentas do sitio web do Centro.

11. Participación nun **Curso de iniciación á informática II** destinado aos profesores que teñan só un coñecemento limitado das TIC e xa fixeran o primeiro curso. Este curso iría destinado á familiarización coas ferramentas do sitio web do Centro.
12. Participación nun proxecto de **eTwinning** (colaboración con profesores e escolares de outros países europeos).
13. Participación nun **Grupo de traballo** (hai que quedarse pola tarde). Son 50 horas de formación computables a efectos de concurso de traslados, oposicións, etc.
14. Participación dun **seminario permanente**. É unha labor de intensidade menor para a aportación de ideas. Tamén conta para horas de formación.